

A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO (1870-1914)

A creación de imperios coloniais significou a culminación da dominación europea do mundo?

Entre 1870 e 1914 unha vaga de innovacións científicas e tecnolóxicas transformaron a economía e mais a sociedade europea por medio da chamada Segunda Revolución Industrial. O ascenso de Francia, Alemaña e os Estados Unidos moderou a supremacía de Gran Bretaña como primeira potencia económica mundial.

Ao mesmo tempo, e aproveitando a súa superioridade económica, técnica e militar, Europa lanzouse á conquista de extensos territorios. A revolución das comunicacións fixo posible que espallase o seu dominio colonial ao conxunto do globo.

CONTIDOS

- 1 Un novo marco económico
- 2 Os novos métodos de produción: taylorismo e fordismo
- 3 A formación de imperios coloniais
- 4 A repartición colonial
- 5 A organización dos imperios coloniais
- 6 Imperialismo: civilizar ou dominar?
- 7 O colonialismo, inicio dunha globalización?

O Imperio británico en 1886.

- Que diferentes tipos de información ofrece a imaxe?
- Describe os personaxes ilustrados. Que representan? Valora a intencionalidade da imaxe.



Os factores impulsores do imperialismo

No derradeiro terzo do século XIX, a **Segunda Revolución Industrial** transformou a economía das principais potencias europeas (Gran Bretaña, Francia, Bélxica, Alemaña, etc.). Aproveitando a súa superioridade económica, técnica, financeira e militar, Europa botouse á conquista de novos territorios noutros continentes e á formación de grandes imperios coloniais.


1.1. CAUSAS ECONÓMICAS E DEMOGRÁFICAS

O **imperialismo*** tivo fundamentalmente motivacións económicas. Os países industrializados de Europa precisaban buscar **novos mercados**, onde venderen o excedente da súa produción industrial. Tamén aspiraban a mercar **materias primas** (carbón, ferro, algodón, caucho...) e **produtos coloniais** (azúcar, chocolate, té...) ao mellor prezo posible. Finalmente, querían investir os seus **excedentes de capital** en lugares, fóra de Europa, onde a man de obra, máis barata, lles permitise obter maiores beneficios.

Os cambios económicos ao longo do século XIX deron como resultado un grande **aumento da poboación** europea, que acadou os 450 millóns de habitantes en 1900. Esta expansión demográfica xerou un volume de poboación excedente, sobre todo na agricultura, que estimulou a **emigración** cara a outros continentes.

Como consecuencia disto, 40 millóns de persoas abandonaron no século XIX o vello continente para se estableceren en países extraeuropeos. Ata 1875, os emigrantes foron principalmente británicos, irlandeses e alemáns, pero a partir desa data comezaron a ser máis numerosos os emigrantes procedentes do Imperio austrohúngaro e Rusia e tamén os de orixe mediterránea (italianos e españois).

O PESO DEMOGRÁFICO E ECONÓMICO DE EUROPA EN 1914



1. Describe o peso de Europa en 1914 e relaciónao coa súa capacidade de espallarse polo mundo.

EN DEFENSA DO IMPERIALISMO

Onte estiven no East End de Londres (un barrio obreiro) e asistín a unha asemblea de parados. Na reunión escoitei discursos exaltados que eran coma un berro: pan! pan! De volta para a casa reflexionei sobre o que oíra, máis que nunca convencido da importancia do imperialismo. (...)

A idea que acollo representa a solución do problema social, isto é, para poder salvar corenta millóns de británicos dunha guerra civil mortífera, nosoutros, os políticos coloniais, temos que tomar posesión de novos territorios para colocar o exceso de poboación, para atopar novos mercados onde poder vender os produtos das nosas fábricas e das nosas minas. (...) Se queredes evitar unha guerra civil teredes que vos converter en imperialistas.

Cecil RHODES, empresario e político británico, 1895.

- Con que argumentos defende Rhodes o imperialismo? Relaciónaos coas motivacións económicas da colonización.

AS MIGRACIÓNS EUROPEAS (1800-1914)



2. Cara a onde emigrou a maioría dos europeos durante o século XIX? Cita por orde de importancia os principais países de destino.

3. Calcula o número aproximado de europeos que emigraron entre 1800 e 1914.

@ Para saberes máis sobre a emigración europea a Arxentina: www.tiching.com/59057

1.2. OS INTERESES POLÍTICOS E ESTRATÉXICOS

As fronteiras de Europa estabilizáranse a finais do século XIX, despois das revolucións liberais e das unificacións de Italia e Alemaña. Deste xeito, as escasas posibilidades de ampliar os seus territorios dentro de Europa levou os Estados a prepararen a súa expansión por outros continentes.

Todos os gobernos ambicionaban construír imperios coloniais para aumentaren o seu **prestixio** e poder internacional. As colonias contribuían ao desenvolvemento do comercio e da industria, e á formación de exércitos nacionais poderosos. Ademais, ao unir a toda a nación na empresa de conquista e dominio colonial, os problemas políticos internos ficaban relegados a un segundo plano.

As grandes potencias competiron entre elas para controlaren áreas xeográficas de interese económico ou estratéxico (portos, estreitos, etc.). En máis dunha ocasión, a **rivalidade política e militar** entre países provocou conflitos locais e crises internacionais, que acabaría desembocando no estalido da Primeira Guerra Mundial.

1.3. MOTIVACIÓNS IDEOLÓXICAS

O nacionalismo conservador europeo e gran parte da opinión pública defendían a superioridade dalgunhas nacións e o dereito destas a impoñérense sobre outros pobos. Falábase así da **misión civilizadora dos europeos**, que se crían superiores cultural e tecnoloxicamente e destinados a difundir polo mundo a educación, a cultura, a sanidade e mais a paz social.

Estas posicións desembocaban, en numerosas ocasións, no **racismo**, ao considerar o home branco superior a outras etnias e ao defender que a súa intelixencia e mais a súa capacidade o lexitimaban para impoñer a súa civilización sobre o resto da humanidade.

Só algúns intelectuais, sindicalistas e líderes políticos se amosaron contrarios ao colonialismo, denunciaron a brutal e inhumana explotación das colonias e defenderon o dereito dos pobos a decidiren sobre os seus destinos.

SINTETIZA

6. Que causas económicas propiciaron o colonialismo?
7. Explica os intereses políticos que levaron os Estados europeos a defender a expansión imperialista.
8. Como se xustificaba a colonización desde o punto de vista ideolóxico?

SOBRE O COLONIALISMO

Hai outro punto que tamén debo tratar: é o aspecto humanitario e civilizador [da cuestión colonial]. É preciso dicir abertamente que, en efecto, as razas superiores teñen un dereito cara as inferiores, porque existe un deber cara a elas: as razas superiores teñen o deber de civilizalas.

Jules Ferry á Cámara de Deputados francesa, xullo de 1885.


Razas superiores! Razas inferiores! Dise rápido. Pola miña banda opóñome completamente a esta afirmación desde que vin que os sabios alemáns demostraban cientificamente que Francia debía ser vencida na guerra contra Alemaña porque a francesa é unha raza inferior á alemá.

Non existe o dereito das nacións chamadas superiores sobre as nacións chamadas inferiores. (...)

Non intentemos, xa que logo, revestir a violencia co nome de civilización, non falemos de dereito, de deber. A conquista que preconizades é simplemente o abuso do poderío da civilización científica sobre as civilizacións rudimentarias para apropiarse do ser humano, explotalo e extraerlle toda a súa forza en beneficio de quen supostamente vén civilizar.

Georges Clemenceau á Cámara dos Deputados francesa, xullo de 1885.

- Explica as dúas posicións sobre o colonialismo.



Establecemento comercial da colonia alemá de Camerún, en África, a comezos do século XX.

4. Describe a imaxe e identifica os personaxes e mais os diferentes elementos que aparecen nela.
5. Explica cal era o principal obxectivo dos colonizadores europeos nos territorios ocupados.

2.1. EXPLORACIÓN E CONQUISTA

A mediados do século XIX, gran parte do interior de África, de Asia e dos océanos era practicamente descoñecida. A busca de novos territorios nos que se espallar propiciou unha serie de viaxes científicas e de **exploracións xeográficas**. As primeiras expedicións europeas foron realizadas principalmente por británicos e franceses. Entre os exploradores máis prestixiosos destacaron os británicos **Livingstone** e **Stanley** e o francés **Brazza**, que percorreron e cartografaron África central.

Logo da exploración do territorio, a conquista levouse a cabo de forma relativamente rápida e doada. Para iso, os europeos aproveitaron as rivalidades internas entre as tribos e etnias indíxenas, coa finalidade de enfrontalas entre si e recrutar tropas ao seu servizo.

2.2. A ORGANIZACIÓN COLONIAL

Cando a colonia xa estaba controlada militarmente, procedíase a organizar a súa administración política e económica. Segundo as características, podemos distinguir tres clases de colonias:

Colonias de explotación

Eran os territorios destinados fundamentalmente á **explotación económica**. Os colonizadores apropiábanse das terras para crearen grandes plantacións (café, azucre, cacao, té, caucho) ou co fin de explotar depósitos de cobre, ouro e diamantes. Os seus propietarios eran europeos que empregaban man de obra indíxena con salarios moi baixos. Ademais, a **metrópole*** posuía un monopolio sobre a explotación e o comercio da colonia.

A metrópole exercía unha verdadeira **política de ocupación**. O gobernador, os mandos militares e os funcionarios de elite eran europeos e encargábanse da administración e de manter a orde. Os pequenos funcionarios e soldados adoitaban ser indíxenas.



Savorgnan de Brazza no Congo, segundo unha ilustración francesa de 1905.

AS EXPEDICIÓNS EUROPEAS EN ÁFRICA



1. Que potencias impulsaron as expedicións? Describe as grandes rutas e cita os exploradores.



Representación das riquezas das distintas colonias do Imperio francés segundo unha pintura de 1931.

2. Observa a imaxe e indica que produtos tiraba a metrópole das súas colonias.

Colonias de poboamento

Eran colonias que, polas súas boas condicións climáticas, o escaso número de indíxenas ou as súas especiais riquezas, recibían numerosa poboación europea que emigrara e se establecía nelas de forma permanente (**colonos**). Estas colonias gozaban dunha relación especial coa metrópole, que lles recoñecía **certa autonomía no goberno interior**.


No **Imperio británico**, as colonias de poboamento recibiron o nome de **dominios**. Canadá acadou o rango de dominio en 1867, e máis tarde Australia, Nova Zelandia e a Unión de África do Sur.

No caso de **Francia**, o exemplo máis salientable foi Alxeria, á que se chegou a considerar como territorio nacional, isto é, como unha provincia francesa de ultramar.

Protectorados

Eran territorios nos que existían Estados estruturados con recoñecemento internacional. Despois da ocupación europea mantiveron un **goberno indíxena** e unha organización estatal e administrativa propia. No entanto, a metrópole creou e impuxo un goberno paralelo que, na práctica, dominaba o goberno local e se reservaba as funcións de defensa e política exterior.

En África, Marrocos foi o exemplo máis claro: era un reino repartido entre Francia e España. Gran Bretaña, pola súa banda, estableceu a comezos do século XX un protectorado en Exipto, onde participara na construción do **Canal de Suez** (1869), un paso estratéxico entre o Mediterráneo e o mar Vermello, que permitía o acceso á India sen necesidade de rodear África.



O Canal de Suez foi construído polo francés Ferdinand de Lesseps. En 1875, a compra de accións permitiulle a Gran Bretaña controlar a compañía que explotaba a canle e empezar o seu dominio en Exipto.



Un oficial alemán e outro francés delimitan as fronteiras do Congo, segundo unha ilustración de 1913.

OS INDÍXENAS, VISTOS POLOS EUROPEOS

O negro salvaxe e bárbaro é quen de todas as estupideces e, por desgraza, Deus sabe por que; parece estar condenado no seu país de orixe a ser salvaxe e á barbarie para sempre.

Con tres semanas de traballo ten abondo para garantir a súa provisión de arroz, millo, etc.

A falta de calquera idea de progreso e de moral non lle permite decatarse do valor incalculable, do infinito poder do traballo, e as súas leis son as súas paixóns brutais, as súas apetencias feroces, os caprichos da súa imaxinación perturbada.

O indíxena vive ao día, á aventura, indiferente ao mañá.

A. DUBARRY: *Viaxe a Dahomey*, 1879.

- Que idea expresa o texto? Relaciónaa co trato que lles deron os europeos aos nativos.

@ Para ampliarse na Rede...

Le o texto www.tiching.com/59213 sobre o colonizador visto polos indíxenas:

- Quen son os papalagi para os samoanos? Que pensan deles e como os describe?

SINTETIZA

3. Que diferentes fases implicaba a conquista dunha colonia?

4. Como se organizaba o goberno e mais a administración colonial segundo os diferentes tipos de colonias?

3 Os grandes imperios coloniais

3.1. A REPARTICIÓN DO MUNDO

A partir de 1870, as grandes potencias europeas chegaron a controlar case toda África e Asia, a meirande parte das illas do océano Pacífico e de Oceanía e amplos territorios de América do Norte.

A colonización do **continente africano** foi extraordinariamente rápida. En trinta anos os europeos fixéronse co dominio total de África, coas excepcións de Liberia e Abisinia. O choque de intereses entre as **potencias rivais** pola repartición de África impulsou a convocatoria da **Conferencia de Berlín** (1885). Nela decidíronse as normas e as zonas que haberían de ocupar cada unha.

Gran parte do **continente asiático** foi tamén ocupado tanto polas potencias europeas occidentais (Gran Bretaña, Francia, Alemaña) como por outros países desexosos de espallarse (Rusia, Estados Unidos, Xapón). **China** ofrecía un inmenso mercado ao que todos querían acceder. As chamadas **guerras do opio** (1840-1860) forzaron a apertura dalgúns portos do Imperio chinés ao comercio exterior e a entrada de intereses occidentais na explotación das súas riquezas. A intromisión estranxeira foi contestada con diversas revoltas sociais como a dos **bóxers*** (1899).

3.2. O IMPERIO BRITÁNICO

A finais do século XIX, Gran Bretaña posuía o maior imperio colonial con máis de 33 millóns de km² e preto de 450 millóns de habitantes, e controlaba as rutas comerciais marítimas con bases no Atlántico, no Índico, no Pacífico e no Mediterráneo.

En África, os británicos intentaron formar un imperio continuo de Norte a Sur, que se estendera dende O Cairo (Exipto) ata Cidade do Cabo (África do Sur).

A principal colonia británica foi a **India**, e para garantir un territorio de seguridade ao seu redor, os ingleses rivalizaron con Francia para anexionarse Birmania (1886) e con Rusia polo dominio de Afganistán e do Tíbet. Cunha numerosa poboación, a India converteuse nun gran mercado para os produtos británicos e unha importante provedora de materias primas.

3.3. O IMPERIO FRANCÉS

O segundo grande imperio colonial era o de Francia, cunha extensión de 11 millóns de km² e unha poboación de aproximadamente 95 millóns de persoas. Os franceses instaláronse en diversas zonas, pero especialmente en África do Norte e no Sueste asiático.

O proxecto francés de ocupar en África un vasto territorio de Este a Oeste, dende o mar Vermello ao océano Atlántico, topou cos intereses británicos en Sudán. A rivalidade entrambos os dous países provocou o incidente militar de **Fachoda** (1898) no que se impuxeron os británicos. No entanto, Francia consolidou o seu dominio nunha ampla zona que se espallaba por Marrocos, Alxeria e Tunisia, e máis cara o Sur, nas chamadas África Occidental Francesa e África Ecuatorial Francesa.

A presenza francesa no sueste asiático (Cochinchina*) desde mediados do século XIX ampliouse co establecemento dunha serie de protectorados que formaron a **Indochina francesa** (Camboxa, Vietnam e Laos).



Caricatura sobre a Conferencia de Berlín, 1885.

1. Como está representada África? Que representan os personaxes? Que acción están levando a cabo?

@ Para saberes máis sobre a repartición de África: www.tiching.com/59219

@ Para ampliases na Rede...

Visualiza o vídeo www.tiching.com/59238 sobre a colonización de Asia:

- Que países ocuparon Asia? Que territorios controlaban?

O ASALTO A CHINA

Barcos bárbaros empéñanse en vir comerciar aquí coa intención de lograr grandes beneficios. As riquezas de China son utilizadas en proveito dos bárbaros. Pódese dicir que as grandes ganancias obtidas polos bárbaros son arrebatadas da parte lexítima de China. (...).

Con que dereito, ademais, utilizan a velenosa droga [opio] para prexudicar o pobo chinés? Mesmo no caso de que os bárbaros non desexen expresamente prexudicarnos no seu inmoderado afán de lucro, non se preocupan polo mal que lle ocasionan ao próximo. Preguntámonos onde está a vosa conciencia.

Carta do comisionado Lin Zexu á raíña Vitoria, 1839.

- Quen son os bárbaros que cita o texto? Que pretendían?

@ Para saberes máis sobre as guerras do opio: www.tiching.com/59240

OS IMPERIOS COLONIAIS EN 1914



3.4. OUTROS IMPERIOS EUROPEOS

Tras británicos e franceses, moitos outros países lanzáronse sobre o continente africano. O rei de Bélxica, Leopoldo II, adquiriu como propiedade privada unha gran colonia ao longo do río Congo, que legou a Bélxica á súa morte.

Alemáns e italianos chegaron tarde á repartición, pero conseguiron algúns importantes enclaves coloniais en África. **Alemaña** estableceuse en Tanganica e África Suroccidental, mentres que **Italia** ocupou Libia.

Tamén posuían importantes territorios coloniais países como **Holanda**, que controlaba as ricas posesións de Indonesia, e **Portugal** coas súas tradicionais posesións africanas (Angola, Mozambique...). **Rusia** expandiuse por Asia dende o Turquestán cara a Manchuria e **España** asentouse na zona do golfo de Guinea, no Sáhara e mais no Norte de Marrocos (Rif).

2. Cita os territorios que abranguíu o Imperio británico. Por que o seu proxecto en África era de Norte a Sur?

3. Indica os territorios que posuía o Imperio francés. Cal era o seu proxecto colonial en África? Onde se enfrontaron os intereses británicos e franceses?

4. Que outros países europeos posuían imperios coloniais? Enumera as súas principais colonias.

@ Para saberes máis sobre o imperialismo de Estados Unidos:

www.tiching.com/59244

www.tiching.com/59247

3.5. OS IMPERIOS EXTRAEUROPEOS: ESTADOS UNIDOS E XAPÓN

Estados Unidos espallouse cara ao **Pacífico**, onde ocupou a posesión española de Filipinas, así como Hawai (1898). No **Caribe** expulsou os españois de Cuba e Porto Rico (1898) e apoderouse dunha franxa de Panamá (construción da **canle transoceánica**), da República Dominicana e Nicaragua. Desde os inicios do século XX interveu na elección dos gobernos e nos asuntos internos destes países, que quedaban sometidos aos intereses económicos das grandes compañías estadounidenses.

O **expansionismo xaponés** foi o resultado da modernización social e a industrialización do país no período do emperador Meiji*. Xapón, apoiado por Gran Bretaña, detivo o avance ruso na provincia chinesa de Manchuria e anexionouse as illas Kurís, Corea e Formosa (Taiwan).

SINTETIZA

5. Explica cales foron os grandes imperios coloniais. Que territorios foron ocupados en África e Asia?

6. Que potencias non europeas se lanzaron á carreira colonial? Cara a onde se dirixiron?

4 As consecuencias da colonización

Os territorios colonizados sufriron un fondo impacto coa chegada dos europeos, que introduciron algúns dos seus **avances**, pero trastornaron por completo as sociedades indíxenas e xeraron graves **problemas** cuxas repercusións chegan ata os nosos días.

4.1. O IMPACTO DA CIVILIZACIÓN EUROPEA


Os europeos crearon novos países e trazaron as súas fronteiras, tronzaron bosques e puxeron en cultivos inmensas áreas virxes. Así mesmo, construíron **infraestruturas** necesarias para explotar e comunicar os territorios conquistados (portos, estradas, ferrocarrís, liñas telefónicas...) e levantaron novas cidades. Todo isto tivo que resistir unha fonda **modificación da paisaxe** que non tivo en conta as diferenzas tribais, lingüísticas e relixiosas das poboacións.

Tamén houbo un forte impacto demográfico. A introdución de **medidas hixiénicas**, a presenza de médicos, a construción de novos hospitais e, sobre todo, as campañas de vacinación dos nativos, permitiron reducir as epidemias. Como consecuencia disto, a **mortalidade descendeu** de modo notable e a poboación aumentou. Pero en moitas colonias, especialmente do continente africano, o aumento de habitantes rompeu o equilibrio entre poboación e recursos e comezou a producirse unha situación de **subalimentación** crónica.

Os europeos construíron escolas, que implicaron un **descenso do analfabetismo**. No entanto, tamén pretendían a **aculturación**, isto é, a imposición das formas de vida dos colonizadores prescindindo da cultura, das tradicións e das crenzas indíxenas, xa que se ensinaban, sobre todo, a lingua, a cultura e os costumes da metrópole. Xunto aos colonizadores tamén os **missioneiros** se encargaban da educación e dos labores sanitarios (misións médicas), e levaban a cabo unha obra de evanxelización para converter os indíxenas ao cristianismo.



Caricatura dunha revista satírica italiana, 1886. As potencias europeas, representadas por damas, explícanlles aos países colonizados, mostrados como nenos, que é a civilización: "consiste en calar cando falan os maiores".



Gravado que amosa a unha parella vietnamita ataviada segundo a moda europea da década de 1920.



Escola de misioneiros en África, a comezos do século XX.

OS TRABALLOS FORZADOS

A colonización implicou algunha cousa positiva no sentido de que aos pobos africanos lles permitiu entrar no mundo moderno. (...) Vin construír ferrocarrís, pero (...) o negro substituíu a máquina, o camión, o guindastre. Esgotados, maltratados polos capataces lonxe de calquera vixilancia, pálidos, famentos, desesperados, os negros morrían en masa. (...)

Léopold Sédar Senghor, presidente de Senegal (1960-1980).

- Como valora Senghor o dominio colonial do seu pobo?

4.2. AS TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS

Nas colonias impuxéronse os **intereses económicos dos colonizadores**, que contaban coa axuda dos grupos aristocráticos e da burguesía locais, que mantiveron unha situación de privilexio. Pola contra, a maioría da poboación indíxena quedou sometida e as súas condicións de vida empeoraron.

Moitas terras pasaron a mans dos colonizadores e abandonáronse determinados cultivos tradicionais, que aseguraban a subsistencia das familias indíxenas; pola contra, potenciáronse as **grandes plantacións** de produtos que beneficiaban a metrópole: cacao, café, algodón, froitas, caucho, etc.

Os nativos debían traballar nas plantacións para subsistir, e ademais tiñan que comprar os alimentos, porque se impuxo unha **economía monetaria e de mercado**, descoñecida ata daquela.


Así mesmo, a artesanía local arruinouse debido á competencia dos **produtos industriais importados** desde a metrópole en grandes cantidades.

4.3. OS CAMBIOS SOCIAIS E CULTURAIS

A **estrutura social** dos pobos colonizados tamén sufriu fondos cambios. Os intensos ritmos de traballo, a vida urbana e os novos valores achegados pola cultura e a relixión dos colonizadores trastornaron as formas de vida tribal e as xerarquías sociais tradicionais (papel dos anciáns, estrutura familiar, etc.).


Nas sociedades coloniais existía, ademais, unha fonda **segregación social** e mesmo racial nalgunhas zonas. Os funcionarios e os colonos da metrópole adoitaban vivir en luxosas residencias e comían, vestían e divertíanse coma nos seus países de orixe. As súas vidas opulentas contrastaban coa miseria dos poboados indíxenas. Ademais, raramente se relacionaban cos nativos, agás coas elites locais ou para impartir ordes.

Por último, o impacto da cultura occidental provocou unha **perda da identidade**, sobre todo naquelas culturas indíxenas que carecían dunha tradición escrita a nivel político, xurídico ou cultural. Por iso, a aculturación foi maior en África, onde predominaban as culturas de tradición oral, que en Asia, onde importantes culturas milenarias como a chinesa ou a india resistiron mellor a invasión cultural.



Cartel publicitario de 1900. Os produtos coloniais convertéronse en obxecto de consumo masivo nas sociedades occidentais.

1. Que produto se anuncia no cartel? Que outros produtos similares se producían nas colonias?



2. Explica, segundo o esquema, as consecuencias da economía colonial nos pobos dominados.

SINTETIZA

3. Explica os avances introducidos polos europeos nas colonias e as súas consecuencias.

4. Como funcionaba a economía colonial? Que importaba a metrópole? Que exportaba?

5. Que cambios se produciron na estrutura social dos pobos colonizados? Por que se fala de segregación social?